

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE XANEIRO DE 2024

Ás 10:30 horas do día 25 de xaneiro de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 22 de xaneiro de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais:

D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica

D^a. Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral

D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos

D. José Angel Otero Lamas, xefe de Área de Investmentos

D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos

D^a. Ruth Maria Gallego Santos, técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario (asiste aos puntos 2a, 2b, 2c, 3a, 3b, 3c e 11b)

D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 2d e 3d)

D^a. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste aos puntos 2e, 2f, 3e e 3f)

D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 5a e 6a)

D^a. María Dapena Gómez, xefa da Área de Recursos Humanos e Formación (asiste aos puntos 5b e 6b)

D^a. Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste ao punto 11a)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do



día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto de "Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura" (1733-441) (emenda)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 11 de xaneiro de 2024, o 15 de xaneiro de 2024, concédese un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. UTE ALFONSO PENELA (50 %) - CAPITEL Arquitectura, Ingeniería e Innovación, S.L. (50 %). En concreto, debía presentar:
 - Novo DEUC de ALFONSO PENELA, asinado dixitalmente, no que aclarase se concorría á licitación con solvencia de terceiros xa que no DEUC presentado marcaba en afirmativo o Apartado C da Parte I ("Información sobre el recurso a la capacidad de otras entidades ¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?") pero non se aportaba nin o Anexo III nin o DEUC dese terceiro.
 - Asemade, no DEUC presentado, na Parte IV ("Criterios de selección") non se indicaba nada, sendo obrigatorio sinalar se o licitador cumpre todos os criterios de selección ou, en todo caso, aportando a información correspondente os apartados da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional (apartados A-D).
2. G.O.C., S.A. En concreto, debería presentar:
 - O Anexo III do PCAP co compromiso escrito de TEMHA, S.L., asinado dixitalmente, polo seu representante, como empresa que aporta a súa solvencia, tal e como se indica na cláusula 8.8.3ª e na cláusula 14.1.A) do PCAP.

Dos anteriores licitadores, presentaron documentación en prazo os seguintes:

1. UTE ALFONSO PENELA (50 %) - CAPITEL Arquitectura, Ingeniería e Innovación, S.L. (50 %).
2. G.O.C., S.A.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. UTE ALFONSO PENELA (50 %) - CAPITEL Arquitectura, Ingeniería e Innovación, S.L. (50 %)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 2 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



2. G.O.C., S.A.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e obras do proxecto de "Renovación do Parque Camilo José Cela no marco do PRTR financiado con Fondos Europeos Next-Generation EU" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (1756-441) (emenda)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 11 de xaneiro de 2024, o 15 de xaneiro de 2024, concédese un prazo de tres días a OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L. para que emendasen a documentación persoal.

En concreto, debía presentar un novo DEUC, asinado dixitalmente polo seu representante, no que indicara, na Parte IV ("Criterios de selección") ou ben, se cumpría, de maneira xeral, todos os criterios de selección (respondendo afirmativamente á pregunta recollida no apartado "a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección/Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos") ou, se optaba pola opción de usar os criterios de selección de A a D, debía indicar o sinalado polo PCAP no seu Anexo I (FEC), apartados 5.A e 5.B.

O licitador presentou a documentación en prazo. Logo da cualificación da mesma, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento a OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

Tendo en conta a cofinanciación deste procedemento polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no marco dos fondos europeos NEXT- GENERATION-EU, faise necesario, en cumprimento da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, dar traslado a "Responsable da operación" do expediente para a correspondente análise ex ante na ferramenta informática de data mining, MINERVA, previa solicitude do código do responsable da operación en COFFEE. Asemade, procederase a comunicar no expediente, os datos das membros da Mesa de Contratación e dos licitadores admitidos no presente procedemento e a por á firma da primeiras a correspondente DACI segundo o modelo establecido na devandita orde.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Foxos, entre as rúas Travesía dos Foxos 1 e Sanjurjo Badía" (1754-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 3 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"*Documentación persoal*", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
2. COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
3. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, conservación e vixilancia dos colexios e escolas públicas do Concello de Vigo (62788-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "*Documentación persoal*", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.
 2. ONET IBERIA SOLUCIONES, S.A.U.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 1. UTE AVIO-INTEGRA GALICIA (AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A. (50 %) - INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA S.L. (50 %)). En concreto deberá presentar:
 - Novo DEUC de INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA S.L., asinado dixitalmente polo seu representante, no que aclare se cumpre ou non todos os criterios de selección. No DEUC presentado indica que non os cumpre pero non se facilita información específica sobre a parte que si cumpre.
 2. UTE SAMYL – INAMA (SAMYL FACILITY SERVICES, S.L. (70 %) - INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L.U. (30 %)).

En concreto, resulta necesaria a emenda da documentación de INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L.U. porque se detectou que a persoa asinante do DEUC e do Anexo II do PCAP **non coincide** coa persoa identificada como representante no DEUC. En consecuencia, requírese a INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L.U. para que aclare cal é a persoa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 4 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



representante desta empresa, e presente o DEUC e o Anexo II do PCAP asinado pola persoa así identificada.

e) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12530-224)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes, Outorgar un prazo de tres días a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

En concreto deberá presentar un novo DEUC, asinado dixitalmente polo seu representante legal, debidamente cumprimentado, xa que no presentado, na parte III.c, dentro do apartado "Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho laboral", non se responde á pregunta "¿Se encuentra el operador económico en quiebra?"

f) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12531-224)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3. Apertura das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto de "Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura" (1733-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábeis mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 5 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

referida documentación ao comité de expertos nomeado para tal fin.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e obras do proxecto de "Renovación do Parque Camilo José Cela no marco do PRTR financiado con Fondos Europeos Next-Generation EU" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (1756-441)

Retírase da orde do día por ser necesario iniciar o procedemento MINERVA tal e como se indica no punto 2b

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Foxos, entre as rúas Travesía dos Foxos 1 e Sanjurjo Badía" (1754-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, conservación e vixilancia dos colexios e escolas públicas do Concello de Vigo (62788-332)

Retírase da orde do día por ser necesario requirir emenda da documentación persoal segundo se indica no punto 2d.

e) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12530-224)

Retírase da orde do día por ser necesario requirir emenda da documentación persoal segundo se indica no punto 2e.

f) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12531-224)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 6 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 12 de xaneiro de 2024 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" corrixido polo informe de data 24 de xaneiro asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica. Este segundo informe é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes e, en vista do mesmo, a Mesa acorda, tamén por unanimidade dos/as membros presentes, excluír deste procedemento a ARIAS AVOGADOS por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC-do PCAP ("*Na valoración deste apartado, de conformidade co disposto no artigo 146.3 da LCSP, o limiar mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 20 puntos.*").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación o 22 de xaneiro de 2024 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

6.- Apertura das proposicións avaliables mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 7 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Porcentaxe única de desconto a aplicar tanto á parte fixa como aos prezos unitarios da parte variable recollidos no apartado 3 da FEC	Sesiões de formación con carácter anual e de forma gratuíta para o Concello, dunha hora cada unha delas, en materia de protección de datos	Cursos para cargar na plataforma on line de formación do Concello
1	OBJETIVO TARSYS SL	19.000,00 € (sen IVE)	10	2
2	SEGURDADES SL	41,51 %	10	2
3	TECNOLOGÍAS PLEXUS S.L.	19,15 %	10	2
4	TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.	22,56 %	10	2
5	UNIVE SECTOR PUBLICO S.L.P.	61 %	10	2

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste, como público, á apertura:

1. D. David Barrientos Arboleya, en representación de TELEFÓNICA SOLUCIONES
2. D. Omar Jesús Orta Fernández, en representación de TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES S.L.

1. Propón como prezo sen IVE do contrato o de 32.655,00 euros (TREINTA Y DOS MIL SEISCIENTOS CINCUENTA Y CINCO), sendo a cota correspondente ao IVE a de 6.857,55 euros (SEIS MIL OCHOCIENTOS CINCUENTA Y SIETE CON CINCUENTA Y



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 8 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



CINCO), o que supón un prezo total do contrato de 39.512,55 euros (TREINTA Y NUEVE MIL QUINIENTOS DOCE CON CINCUENTA Y CINCO).

- Estudios específicos de APT e VPT realizados polo responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato nos últimos 5 anos, a maiores do establecidos na solvencia relativa aos medios persoais (5):
 - Responsable do proxecto: 15 (nº) estudos específicos de APT e VPT
 - Técnico: 15 (nº) estudos específicos de APT e VPT
- Estudios específicos de APT e VPT realizados polo responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato en colectivos de máis de 100 persoas:
 - Responsable do proxecto: 8 (nº) estudos específicos de APT e VPT en colectivos de máis de 100 persoas
 - Técnico: 8 (nº) estudos específicos de APT e VPT en colectivos de máis de 100 persoas
- Mayor experiencia do responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato con respecto ao mínimo esixido como solvencia técnica (5 anos):
 - Responsable do proxecto: 30 (nº) de anos de experiencia
- Formación universitaria e non universitaria de especialización en recursos humanos, a maiores da esixida nos medios persoais, do responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato:
 - Formación non universitaria especializada de ata 50 h:
 - Técnico: SI posúe formación non universitaria especializada de ata 50h
 - Formación non universitaria especializada superior a 100h:
 - Técnico: SI posúe formación non universitaria especializada superior a 100h

GRUPO GALEJOBS, S.L.U.

- Propón como prezo sen IVE do contrato o de 45.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 9.450 euros, o que supón un prezo total do contrato de 54.450 euros.
- Estudios específicos de APT e VPT realizados polo responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato nos últimos 5 anos, a maiores do establecidos na solvencia relativa aos medios persoais (5):
 - Responsable do proxecto: 25 (nº) estudos específicos de APT e VPT
 - Técnico: 16 (nº) estudos específicos de APT e VPT
- Estudios específicos de APT e VPT realizados polo responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato en colectivos de máis de 100 persoas:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 9 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Responsable do proxecto: 16 (nº) estudos específicos de APT e VPT en colectivos de máis de 100 persoas
- Técnico: 16 (nº) estudos específicos de APT e VPT en colectivos de máis de 100 persoas
- 4. Maior experiencia do responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato con respecto ao mínimo esixido como solvencia técnica (5 anos):
 - Responsable do proxecto: 16 (nº) de anos de experiencia
 - Técnico: 9 (nº) de anos de experiencia
- 5. Formación universitaria e non universitaria de especialización en recursos humanos, a maiores da esixida nos medios persoais, do responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato:
 - Formación universitaria especializada:
 - Responsable do proxecto:SI..... (si/non) posúe formación universitaria especializada a maiores da esixida enMASTER..... (Indicar a mesma: Máster, Doutoramento ou Grao)
 - Técnico:SI..... (si/non) posúe formación universitaria especializada a maiores da esixida enMASTER..... (Indicar a mesma: Máster, Doutoramento ou Grao)
 - Formación non universitaria especializada de ata 50 h:
 - Responsable do proxecto:SI..... (si/non) posúe formación non universitaria especializada de ata 50h
 - Técnico:SI..... (si/non) posúe formación non universitaria especializada de ata 50h
 - Formación non universitaria especializada de ata 100h:
 - Responsable do proxecto:SI..... (si/non) posúe formación non universitaria especializada de ata 100h
 - Técnico:SI... (si/non) posúe formación non universitaria especializada de ata 100h
 - Formación non universitaria especializada superior a 100h:
 - Responsable do proxecto:SI..... (si/non) posúe formación non universitaria especializada superior a 100h
 - Técnico:SI..... (si/non) posúe formación non universitaria especializada superior a 100h

Asiste, como público, á apertura:

1. Dna. Ana Díez Alonso, en representación de NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 10 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

8. Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas anormalmente baixas

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dunha plataforma de xestión e difusión de información do parque de mupis municipais (8449-104)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co/s licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 9 de xaneiro de 2024, en cumprimento do acordado na sesión do 29 de decembro de 2024, iniciouse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L.

Durante o prazo concedido, presentou a documentación requirida o 11 de xaneiro de 2024. Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato.

O 17 de xaneiro, a técnica en actividades turísticas e o xefe do Servizo de Administración Electrónica emitiron informe sobre a xustificación presentada/ no que conclúen que "(...)se teña por aclarada e xustificada a oferta presentada po Tecnoloxías Plexus S.L., tendo en conta que o licitador é o fabricante e propietario do software que oferta polo que resulta razoable deducir que dispón de unha grande marxe para fixar o prezo final tanto da licenza como do garantía e liberación de novas versión do produto."

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación aceptar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L. neste procedemento.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dunha plataforma de xestión e difusión de información do parque de mupis municipais (8449-104)

Entrégase o informe asinado pola técnica en actividades turísticas e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 17 de xaneiro de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliábeil mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dunha plataforma de xestión e difusión de información do parque de mupis municipais (8449-104)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 11 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro dunha plataforma de xestión e difusión de información do parque de mupis municipais (8449-104) na seguinte orde descendente:

EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
TECNOLOGÍAS PLEXUS ,S.L.	100
SUMINISTROS IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U. (SERMICRO)	49,63

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TECNOLOGÍAS PLEXUS ,S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3884-321)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a PROSEGUR AVOS ESPAÑA, S.L. en data 16 de xaneiro de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resgardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 12 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3884-321).

ANTECEDENTES

- Primeiro.-** Con data do 3 de novembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:
- "1º Aprobar o expediente de contratación (3884/321) por procedemento aberto de tramitación ordinaria do "SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010".*
- 2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de 29/09/2023 e o prego de cláusulas administrativas de 25 de outubro de 2023, que rexerán a contratación do "SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010".*
- 3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 1.269.573,21 €, sendo o importe correspondente ó IVE a soportar pola Administración de 215.653,20 €, para a contratación dos "SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010" con cargo á aplicación orzamentaria 9204 2279901 "Teleoperadoras, 010 e envío de mensaxes, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:*
- 387.925,15 € correspondentes ao ano 2024.
 - 423.191,07 € correspondentes ao ano 2025.
 - 423.191,07 € correspondentes ao ano 2026
 - 35.265,92 correspondentes ao ano 2027
- 4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida."*

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 16 de xaneiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 13 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 16 de xaneiro de 2024, da UTE XUPERA por exceder, o prezo ofertado na parte fixa do contrato, o orzamento base de licitación para esta parte.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3884-321) na seguinte orde descendente:

	Licitador	TOTAL
1	PROSEGUR AVOS ESPAÑA, S.L.	80,00
2	CONTACTNOVA, S.L.U.	78,94
3	HUARIS CALL CENTER, S.L.	64,42

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEGUR AVOS ESPAÑA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEGUR AVOS ESPAÑA, S.L., o día 16 de xaneiro de 2024, que presenta a documentación requirida o 19 de xaneiro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da empresa e o nomeamento do apoderado, así como a declaración de no estar incurso en prohibición de contratar.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (260.135,62 €), entre outras, as contas de 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (260.135,62 €), certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Aval por un importe de 46.068,86 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 14 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 25 de xaneiro de 2023 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PROSEGUR AVOS ESPAÑA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PROSEGUR AVOS ESPAÑA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 29 de decembro de 2023 e 11 de xaneiro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 16 de xaneiro de 2024, da UTE XUPERA por exceder, o prezo ofertado na parte fixa do contrato, o orzamento base de licitación para esta parte.)*
2. *Adxudicar a PROSEGUR AVOS ESPAÑA, S.L. o procedemento aberto para a*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 15 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3884-321) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 1.109.196,33 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 187.819,20 euros.*
- b) *A parte fixa do contrato é de 959.497,39 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 161.838,39 euros (dos que 27.000,00 euros se corresponden co servizo de videointerpretación de linguaxe de signos para persoas xordas – exento de IVE)*
- c) *A parte variable do contrato é de 149.698,95 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25.980,81 euros.*
- d) *Propón unha porcentaxe de desconto do 20 % a aplicar sobre os prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- e) *Comprometese a ofrecer os servizos de plataformas de teletradución que permitan a tradución profesional de chamadas nun mínimo de 20 idiomas (incluído español e inglés).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Tapado lateral da pista deportiva do Centro Cultural Becerreira” (1738-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a PROSEMA NOROESTE, S.L. en data 16 de xaneiro de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo das garantías definitiva e complementaria e o anexo IV do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 16 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Tapado lateral da pista deportiva do Centro Cultural Becerreira" (1738-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

" **PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación dos Servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos.

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orde de inicio do expediente asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/07/2023, co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 27/07/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica.

- Memoria económica do contrato de data 03/08/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 09/08/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria xustificativa do contrato de data 20/09/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 21/09/2023, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 21/09/2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 30.000,00 €, que inclúe un IVE de 5.206,61 €, dende o 15 de decembro de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2024	SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207.2270603	24.793,39 €	5.206,61 €	30.000,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 17 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 15 de xaneiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 11 de xaneiro de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por PROSEMA NOROESTE, S.L. neste procedemento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Tapado lateral da pista deportiva do Centro Cultural Becerreira" (1738-441) na seguinte orde descendente:

Orden	Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	PROSEMA NOROESTE, S.L.	93,62
2º	ORECO BALGON, S.A.	93,11
3º	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	86,63
4º	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	78,48
5º	SOTEGA NOROESTE, S.L.	72,68
6º	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	61,06

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía complementaria do 5 % do importe de adxudicación sen IVE, esixible de acordo co disposto na cláusula 24.1 do PCAP".*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, S.L., o día 16 de xaneiro de 2024, que presenta a documentación requirida o 19 de xaneiro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da empresa e o nomeamento do apoderado, así como a declaración de non estar incurso en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 18 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



prohibición de contratar, e a clasificación da empresa.

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (210.840,14 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo C – Subgrupo 4 – Categoría 2) presentan a clasificación Grupo C – Subgrupo 4 – Categoría 4.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (212.597,15 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo C – Subgrupo 4 – Categoría 2) presentan a clasificación Grupo C – Subgrupo 4 – Categoría 4..
- Dous seguros de caución por un importe cada un de 6.379,50 € que cobren tanto a garantía definitiva requirida como a complementaria, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 25 de xaneiro de 2023 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PROSEMA NOROESTE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PROSEMA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 19 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

NOROESTE, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 18 de decembro de 2023 e 8 de xaneiro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a PROSEMA NOROESTE, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Tapado lateral da pista deportiva do Centro Cultural Becerreira" (1738-441) sendo o prezo total do contrato de 154.383,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.793,90 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 15:23	Páxina 20 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A144-E3458F-5929AB-K2QHYN-YY2GNB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		